



NORMAS DE AULA

- 1.** Entrarase na aula ao soar o timbre.
- 2.** Debe chegarse a clase en hora e co material correspondente.
- 3.** Cada alumna ou alumno debe ter o seu material e ser responsable del.
- 4.** O alumnado debe ocupar o sitio asignado polo/a profesor/a.
- 5.** En clase debe manterse unha postura correcta.
- 6.** Non se pode saír da aula durante a hora de clase.
- 7.** Deberase ter coidado co mobiliario: mesas, cadeiras, persianas... De acontecer algunha incidencia, ou algo non tivese o funcionamento adecuado, avisarase ao titor ou titora.
- 8.** Coidarase da limpeza e bo estado das mesas.
- 9.** Na aula, e durante as horas de clase, evitaremos comer e beber.
- 10.** Manter a clase limpa e ordenada é un obxectivo que axuda a unha mellor práctica educativa e facilita o labor do persoal de limpeza.
- 11.** Nos recreos abandonaremos as aulas e corredores para dirixirnos á planta baixa ou ao exterior do edificio.
- 12.** Os móbiles, reprodutores de música, auriculares... deben permanecer **APAGADOS E GARDADOS** nos bolsos ou mochilas durante toda a xornada escolar mentres estemos dentro do recinto do IES.
- 13.** Ao saírmos de clase pecharemos as ventás, sobre todo en inverno para aproveitar a calefacción.
- 14.** Ao rematar a xornada escolar recolleremos todo o noso material, non deixando nada na aula dun día para outro.
- 15.** Ao finalizar as clases subiranse as cadeiras enriba das mesas para facilitar o labor do persoal de limpeza.
- 16.** O delegado ou delegada pechara a porta da aula con chave despois de que saia todo o alumnado.
- 17.** As aulas disporán dun calendario no que apuntar as probas ou exames proxectados durante o curso.